CADERNO DE ACTIVIDADES



AULA DA RECICLAXE

ECOescola As Campeiras

Rqu3R

infantil e primaria

Ola nenos e nenas:

Chámome Montse García e son concelleira no Concello de As Pontes de García Rodríguez. Veño a presentarvos a campaña Rqu3R, coa que poderedes aprender moitas cousas para mellorar o noso pobo e o noso planeta.

No concello de As Pontes andamos erre que erre na ecoescola de As Campeiras para ensinarvos como é o ciclo do lixo e en que consiste a norma das 3R.

A min todo isto ensinoumo o meu amigo Refu, que vive na ecoescola xunto cos seus amigos que forman o equipo das 3R. Da súa mán aprenderedes o divertido e sinxelo que é coidar e manter limpo o entorno no que vivimos e axudar a preservar o noso planeta.

Deixovos con Refu e o seu equipo 3R!

CONCELLO DE
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Área de Atención, Participación
Cidadá e Desenvolvemento Local

"Ola! chámome "Refu". O meu nome ven da palabra "refugallo" e vivo na Ecoescola das Campeiras. Teño tres amigos que me visitan sempre e chámanse María da Redución, Antón Reutilización e Isabel, a nena que recicla ben. Escribímosvos porque temos unha misión moi importante para vós. Necesitamos que nos axudedes a coidar a natureza para evitar que os animais e as plantas sexan devorados polo lixo. Queredes axudarnos e ser parte do noso equipo? Se a resposta é sí, imos coa primeira lección, da man de María da Redución!"

María da Redución



"Ola! Chámome María da Redución, e pertenzo ao equipo de Refu e os seus amigos os Tres Erres.
A miña misión é conseguir que o lixo non acabe nos pupitres do cole, nas rúas, nin sequera nas papeleiras ou nos colectores do lixo!
Paréceme moi ben que comades froitas e verduras, porque as súas pelas alimentan ao meu mellor amigo, o señor Compostador.

Imos colorear o Señor Compostador do color que prefirades. Despois imos colorear SÓ aquelas cousas que poden ir ao compostador.



Antón Reutilización

"Ola, eu son Antón Reutilización, e tamén pertenzo ao equipo de Refu, son a segunda erre. As plantas e os animais están moi contentos porque grazas a vós teñen abono para medrar fortes. Pero a que é moi difícil comer só froitas e verduras? Por iso vouvos axudar a que as outras cousas non acaben no lixo ou na natureza. O meu apelido é Reutilización, que significa volver a utilizar as cousas, así non rematarán no lixo!



Imos facer coas nosas mans xoguetes construídos con refugallo, veredes que divertido e que chulos nos quedan! Eu dígovos as ideas e vós xa vos podedes poñer mans á obra.

Podemos converter uns botes de champú ou deterxente nuns simpáticos coches.
Necesitamos: un bote valeiro, 4 tapóns de bricks e dous anacos de arame
1º Quitamos os adhesivos que poidan ter os envases
2º Facemos catro buratos onde irán as rodas e outro en cada tapón.
3º Pasamos o arame polos buratos do bote e colocamos as rodas no seu sitio
4º Fixamos os arames ás rodas

Isabel, a nena que recicla ben



"Ola nenos e nenas! Eu chámome Isabel, a nena que recicla ben. Escríbovos porque, por moito que Antón Reutilización vos axude a reutilizar, moitas cousas hainas que tirar! E para iso, teño outros amigos, os "tragalixo". Os tragalixo teñen diferentes formas e cores para axudarnos a meter cada refugallo no seu sitio."

Vou comprobar canto sabedes de reciclaxe. Tedes que unir cada refugallo co seu colector, para que eu saiba o ben que podedes separar. O lixo que está ben separado pode ter outra vida e converterse nun novo produto. Axudemos a reciclar!



ACTIVIDADES PRIMARIA

Reduce

O mellor lixo é aquel que non chega a producirse!

Antes de que as cousas se convertan en refugallos e cheguen aos colectores do lixo, percorren un longo camiño que deberiamos coñecer. A ruta comeza nos recursos naturais onde se extraen as materias primas necesarias para a súa transformación en produtos elaborados. Une cada produto ao material do que se compón e á súa orixe:

MATERIAS PRIMAS	MATERIAL	PRODUTO
Árbol	Plástico	Bote de conservas
Minerais	Papel	Lata de refresco
Area	Aluminio	Botella
Petróleo	Vidro	Rolo de papel hixiénico

Escribe a contiuación cómo poderiamos reducir o consumo dos produtos anteriores:

Sabías que... cada persoa xera ao día 1 kg de lixo? Polo tanto, anualmente xeramos os mesmos kilos de lixo que días ten o ano! Sabedes qué significa o dito "o que un desbota, outro roga"?

Reutiliza

Reutilizar significa alongar a vida de cada produto dende que se compra ata cando se tira, utilizando un produto tantas veces como sexa posible. O límite está na túa imaxinación! Como o podemos facer?

1. evitando usar vasos, pratos ou cuncas dun só uso
2. adquirindo produtos de segunda man
3. dándolle unha nova vida aos produtos, por exemplo, recuperando unha cadeira vella ou reutilizando un bote de vidro para facer un porta-candeas

Escribe unha lista dos refugallos que se che ocorran. Despois pensa qué outro obxecto podes facer con eses refugallos, e ponte mans á obra!

Sabías que... non todo o papel é reciclable? Por exemplo, o papel plastificado ou o autoadhesivo non o é, polo que debemos limitar moito o seu consumo.

Recicla

Cal é o primeiro paso para reciclar? Separar os recursos. O lixo debemos separalo para depositalo nos colectores selectivos de recollida. Este paso é moi importante, pois desde os colectores será trasladado para a súa reciclaxe. Se non fas ben este proceso o lixo acabará no lugar equivocado e será moito máis difícil reciclalo.

BUSCA 5 REFUGALLOS EN INGLÉS QUE SE DEBAN DEPOSITAR O COLECTOR AMARELO E ESCRIBE DEBAIXO O SEU SIGNIFICADO EN GALEGO:

BRICK

TIN

CONTAINER

BOTTLE

PLASTIC

A	D	V	T	G	D	E	I	D	Y
C	B	R	I	C	K	F	O	I	W
T	B	U	N	O	R	E	B	C	T
A	U	F	X	T	V	E	O	D	I
N	E	D	U	Z	I	D	T	E	C
F	M	Z	P	L	A	S	T	I	C
E	C	Y	V	Q	H	E	L	O	X
S	T	N	A	I	S	O	E	U	C
U	D	W	H	X	Y	E	S	B	U
C	O	N	T	A	I	N	E	R	E

Sabías que... un brick está composto de tres materiais distintos? Unha capa de aluminio, outra capa de papel procedente de celulosa e tres capas de plástico polietileno. En que colector botas ti o brick?

CONCELLO DE
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Área de Atención, Participación
Cidadá e Desenvolvemento Local

www.auladareciclaxe.es